Sobre Santiago

Carl de Keyzer
Miguel Rio Branco
Martin Parr

Tres de Magnum

Comisaria da Exposición
Margarita Ledo Andión

Edita
Universidade de Santiago
de Compostela

Traducción Textos
Stèphanie Jennins

Deseño Gráfico
Signum/Manolo Martínez

Enmarcado Fotos
Gato Negro

Imprime
Axencia Gráfica

Agradecementos
Tino Martinez
Miguel Anxo Seixas
Miguel Anxo Murado
Manolo García Freire
Xavier Vaz
Yolanda Alvarez
Stèphanie Jennins
Mónica Barros
Cabildo da Catedral
de Santiago de Compostela
Mosteiro de San Paio
Bombeiros de Santiago
Todo a100
Benetton
Supermercados Claudio

KEYZER, Carl de
Sobre Santiago. Tres de Magnum/Carl de Keyzer,
Miguel Rio Branco e Martin Parr.– Santiago de
Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións
e Intercambio Científico, 1993 – 84 p.: il. col. e n.; 24 cm.
D. L: C - 1471/93. – ISBN: 84–8121–059-5

I. Rio Branco, Miguel; II. Parr, Martin; III.
Universidade de Santiago de Compostela.
Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

1. Santiago de Compostela (España)
–Fotografía periodística –
Santiago de Compostela (España).

77.04 (461.112.5)

© Carl de Keyzer/Magnum
© Miguel Rio Branco/Magnum
© Martin Parr/Magnum

No porto de Anveres, mentres coas febres di: e morrerei... o tambor da tropa, aqueixado de innúmeros pecados carnais, ve como o seu ollar sae para o incerto dende o rocho do barco. –¡A Vía Láctea!, salouca o soldado de leva cando polo luneto, coma brincos para as túas orellas, revélanselle esas pequenas doas de opalina no ceo.

E decide, aínda que despois veña variar rumbo e embarque para Indias, que será romeiro ata Compostela.

Porque houbo un tempo no que a cidade se presentou, como de verdade, por entre historias de cordel, en crónicas, nas xaculatorias. E tamén nas persoaxes mórbidas e trasumantes dos clásicos da condición humana, como o foi Alejo Carpentier.

A través dos tempos, a cidade que fora pensada a imaxe de deus multiplicou o seu modo *tex-mex* en figuras literarias, e na seducción de estilos e formas que se mimaron coa pedra de gran e no sentido perfecto dos volumes. Pero a cidade, como a imaxe de deus, á penas se deixou fotografar. Dende aqueles tempos das placas de Ksado, placas sobre as que articulou o seu retrato para a eternidade.

Entón, ¡Magnum chegou! Para que unha imaxe non poida ser nunca semellante a unha outra imaxe. Como proba, na historia, da imposibilidade de ver –o fotografo ou quen mirará a foto– por fóra da subxetividade e da decisión de construír unha estratexia narrativa, visíbel ou talvez non visíbel. Como proba, na historia, de que é posíbel a coexistencia de formas diversas de creación de imaxes e que non acreditamos, nin menos nin mais, na foto que na imaxe de orixe dixital.

produce estrelas.

Razóns de oportunidade (Santiago e o 93), razóns de actitude (verbo do noso patrimonio visual), razóns de inutilidade (quizais a estratexia na que só pode xa arriscar a Institución Universitaria) únense para considerar a cidade como Suxeito histórico, como espacio constitutivo das formas de comportamento e onde a comunicación quere dicir expectativas de reciprocidade.

Non deberiamos ocultar, emporeso, que unha outra razón para meter en Santiago a tres de Magnum foi a atracción polo incerto –tal o tambor de tropa–; saber como se iría establecer a relación de **Rio Branco**, de **Parr** e de **Carl de Keyzer,** cun burgo que se autoproclamou como bocadiño de carta postal na *snapshot,* que abusou do mítico, que recorre a todas as saturacións no ritual relixioso, alcohólico, académico e que se prendeu do modelo ficcional tout court: o turista, o devoto, o literario, o republicano, as loxias e o poder eclesial tardo-efectista que coloca tendas de chirimías nos sobexos catedralicios para mellor rentabilizar o Ano Xacobeo, declarado Santo.

Ao longo do 93, a cidade que fora pensada a imaxe de deus, anda a conxugar na súa política de representación intereses da sociedade civil co retorno simbólico do descubremento do corpo do Apóstolo Iago e coa acción nomadista do Camiño a Europa, para que esta alianza substitúa, outravolta, as contradiccións.

Todo indica que o diálogo do cotián mudou no 1993, emporiso a creación fotográfica SOBRE SANTIAGO, creación a que nos acollemos para significar a función dos encargos institucionais como lugar para a liberdade de "rexistros" e para prácticas dificeis de se acomodar ás leis de mercado ou ás convencións: entre a foto de xénero que perpetúa o teu modo de ollar –e da que **Martin Parr** nos regala o truco–; entre os signos como denotacións, como detonacións, esa bóveda empática nas obras de **Miguel Rio Branco**, e ata o *time out* que aparece cando aparecen as imaxes de **Carl** sen que, en ningunha das tres realizacións, se soerga, imperativo, o *purely visual,* o espectáculo autófago.

Conxúgase, SOBRE SANTIAGO, a unión –por vontade e por casualidade– de cabeza e máis de corazón, como se unen nas xentes que chegan a Compostela porque así as cousas... irán para mellor.

Conxúganse nos Tres de MAGNUM, diferentes *items* do DFC, do documentalismo fotográfico contemporáneo: o fotógrafo como

elemento do discurso; a representación como real; o rigor no método e na consciencia da función do observador; estilemas, modelos de composición, referencias de dominante persoal e uso e recodificación de modelos visuais prexistentes, exhibindo cada proposición.

Na mesma idea do proxecto, na materialidade coactiva da súa concreción, no fío funambular que nos leva do desexo da Foto de Santiago á poética de **De Keyzer**, de **Rio Branco** e de **Parr** situarase, en diante, o noso imaxinario. Ese prodixio no que alimentamos unha Compostela chea de mediacións, contemporánea, promiscua, antirracista por sempre xamáis.

O prestixio de MAGNUM, a vocación independente dos seus autores, a súa liña contextualista, o seu terra a terra, tróuxonos á man estas tres series sobre Santiago e sobre o modo de pensar, de mirar, de tocar a cidade, de entrar no patrimonio visual da humanidade co mesmo deleite, coa mesma paciencia en que repetimos que somos o máis antigo itinerario cultural de Europa.

Setembro, 1993

Margarita Ledo Andión
Comisaria da Mostra